

ANEXO VI
PLAN DE ACOLLIDA
IES Xunqueira 1

CURSO 2020/2021



Este documento está elaborado en base ás Instrucións do 30 de xullo 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, en relación ás medidas educativas que se deben adoptar no curso académico 2020/2021, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas da Educación infantil, da Educación Primaria, da Educación Eecundaria Obrigatoria e do Bacharelato, nas que se indica que, co fin de facilitar a incorporación do alumnado afectado pola suspensión da actividade lectivo presencial durante o curso 2019/2020, o equipo directivo elaborara un Programa de acollida que será presentado ao Consello Escolar do centro e que se desenvolvera nas dúas primeiras semanas do curso, coa organización de actividades globalizadas que informen, polo menos, dos seguintes aspectos:

1. Novas normas de organización e funcionamento do centro.
2. Actuacións de prevención, hixiene e protección.
3. Accións formativas para a mellora da competencia dixital do alumnado necesaria para o seu desenvolvemento na modalidade de ensino presencial ou, de ser o caso, non presencial.
4. Atención aos aspectos emocionais e sociais, mediante a realización de actividades grupais de acollida e cohesión.

O equipo directivo presentará este documento aos membros do Consello Escolar para que se realicen as achegas previamente á celebración do Consello Escolar no que se tratará a súa aprobación



1. NOVAS NORMAS DE ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO CENTRO

O Plan de adaptación á situación covid-19 implica unha serie de cambios e modificacións nas Normas de Organización e Funcionamento do centro.

ASPECTOS	MODIFICACIÓNS NAS NORMAS DE FUNCIONAMENTO DO CENTRO																																				
ENTRADA ALUMNADO	<p><input type="checkbox"/> Alumnado que entrará pola Porta Principal</p> <table border="1"> <thead> <tr> <th>CURSO</th> <th>HORA</th> <th>LUGAR</th> </tr> </thead> <tbody> <tr> <td>1ºESO</td> <td>8:55/14:25</td> <td>PORTA PRINCIPAL</td> </tr> <tr> <td>1ºBACHARELATO</td> <td>8:55/14:25</td> <td>PORTA PRINCIPAL</td> </tr> <tr> <td>4ºESO (A, B, C e D)</td> <td>9:00/14:30</td> <td>PORTA PRINCIPAL</td> </tr> </tbody> </table> <p><input type="checkbox"/> Alumnado que entrará pola Porta do Patio interior SUR</p> <table border="1"> <thead> <tr> <th>CURSO</th> <th>HORA</th> <th>LUGAR</th> </tr> </thead> <tbody> <tr> <td>2ºESO</td> <td>8:55/14:25</td> <td>PORTA DO PÁTIO (S)</td> </tr> <tr> <td>3ºESO</td> <td>8:55/14:25</td> <td>PORTA DO PÁTIO (S)</td> </tr> <tr> <td>4ºESO (Grupo E)</td> <td>9:00/14:30</td> <td>PORTA DO PÁTIO (S)</td> </tr> <tr> <td>2ºBACHARELATO</td> <td>9:00/14:30</td> <td>PORTA DO PÁTIO (S)</td> </tr> </tbody> </table> <p><input type="checkbox"/> Alumnado que entrará pola Porta do Patio interior NORTE</p> <table border="1"> <thead> <tr> <th>CURSO</th> <th>HORA</th> <th>LUGAR</th> </tr> </thead> <tbody> <tr> <td>1ºCICLO FORMATIVO</td> <td>9:00/14:30</td> <td>PORTA DO PÁTIO (N)</td> </tr> <tr> <td>2ºCICLO FORMATIVO</td> <td>9:00/14:30</td> <td>PORTA DO PÁTIO (N)</td> </tr> </tbody> </table>	CURSO	HORA	LUGAR	1ºESO	8:55/14:25	PORTA PRINCIPAL	1ºBACHARELATO	8:55/14:25	PORTA PRINCIPAL	4ºESO (A, B, C e D)	9:00/14:30	PORTA PRINCIPAL	CURSO	HORA	LUGAR	2ºESO	8:55/14:25	PORTA DO PÁTIO (S)	3ºESO	8:55/14:25	PORTA DO PÁTIO (S)	4ºESO (Grupo E)	9:00/14:30	PORTA DO PÁTIO (S)	2ºBACHARELATO	9:00/14:30	PORTA DO PÁTIO (S)	CURSO	HORA	LUGAR	1ºCICLO FORMATIVO	9:00/14:30	PORTA DO PÁTIO (N)	2ºCICLO FORMATIVO	9:00/14:30	PORTA DO PÁTIO (N)
CURSO	HORA	LUGAR																																			
1ºESO	8:55/14:25	PORTA PRINCIPAL																																			
1ºBACHARELATO	8:55/14:25	PORTA PRINCIPAL																																			
4ºESO (A, B, C e D)	9:00/14:30	PORTA PRINCIPAL																																			
CURSO	HORA	LUGAR																																			
2ºESO	8:55/14:25	PORTA DO PÁTIO (S)																																			
3ºESO	8:55/14:25	PORTA DO PÁTIO (S)																																			
4ºESO (Grupo E)	9:00/14:30	PORTA DO PÁTIO (S)																																			
2ºBACHARELATO	9:00/14:30	PORTA DO PÁTIO (S)																																			
CURSO	HORA	LUGAR																																			
1ºCICLO FORMATIVO	9:00/14:30	PORTA DO PÁTIO (N)																																			
2ºCICLO FORMATIVO	9:00/14:30	PORTA DO PÁTIO (N)																																			

GARDAS DE ENTRADA	<ul style="list-style-type: none"> - En cada unha das portas de entrada ao centro educativo estrará como mínimo un profesor-a vixiando que se cumpran os parámetros de distanciamento, uso da máscara e a hixiene de mans nas entradas ao centro educativo
GARDAS DE SAÍDA	<ul style="list-style-type: none"> - Será de obrigado cumprimento a saída escalonada de aulas por corredores, cada profesor-a de aula marcará a saída do alumnado de xeito que se faga escalonada respectando o distanciamento social preventivo. - A saída tamén se realizará escalonada, saíndo en xornada de mañá ás 14:25 o alumnado que realiza a entrada ás 08:55 e saíndo ás 14:30 aqueles que entran ás 09:00. Do mesmo xeito se fará na xornada da tarde dos luns
COMEDOR	<ul style="list-style-type: none"> - As entradas e saídas para o comedor organizarase sempre por quendas e asegurando unha axeitada hixiene de mans cumprindo protocolo
RECREO	<ul style="list-style-type: none"> - Modificarase o horario habitual do recreo adiándose en 5 minutos de 11:30 pasará ás 11:25 para o alumnado que realiza a entrada ás 8:55 e quedando no seu horario habitual de 11:30 a 12:00 para o alumnado que realiza a entrada ás 09:00 - Realizarase unha división da zona de recreo, quedando a zona da entrada (zona sur) para o alumnado de 1º e 2º da ESO e a zona do pavillón para o alumnado de 3º e 4º ESO. - O alumnado de Bachelato e Ciclo Formativo daráselle liberdade para que poidan sair do recinto escolar de xeito escalonado mantendo sempre a distancia interpersonal - Será obrigado o uso da máscara á hora do recreo, establecéndose un espazo libre de máscara para aquel alumnado que presenten problemas ou contraindicacións médicas polo uso da máscara - No caso de que a climatoloxía non permitira a saída ao patio, habilitaranse zonas do patio cuberto para o alumando da ESO, Pavillón, e zonas do edificio como salón de actos, biblioteca, etc.

GARDAS DE RECREO	<ul style="list-style-type: none"> - En cada zona habilitada para o recreo haberá como mínimo un profesor-a de garda, sexa nas dúas zonas de patio delimitadas, o patio cuberto, o pavillón deportivo, etc.
TITORÍAS	<ul style="list-style-type: none"> - Os titores contactarán coas familias para indicar a as titorías telefónicas ou telemáticas, priorizando sempre a utilización da plataforma Webex como sala de reunión virtual, ou a través do programa Sixa, e Abalar móbil. No caso de que a Titoría non se poida realizar mediante o teléfono ou medios telemáticos e se opte por unha titoría presencial, o titor-a deberá de cumprir coas mediadas de seguridade contempladas no Plan de Adaptación da Covid19 e a súa normativa
USO DO ASEO	<ul style="list-style-type: none"> - En cada un dos aseos dos corredores, limitarase o aforo a unha única persoa, respectando en todo momento a distancia de seguridade na espera, sendo de obrigado cumprimento unha hixiene de mans antes e despois do seu uso
CIRCULACIÓN CORREDORES	<ul style="list-style-type: none"> - A circulación unha vez rematada a entrada ao centro será a que se indiquen coas frechas no chan, repectando en todo momento a circulación nidirecional sempre pola dereita dos corredores, seguindo as frechas verdes para a entrada e as frechas vermellas para as saídas, de igual forma que se deixará unha escaleira de subida con frechas no chan de cor verde e unha de baixada con frechas vermellas. (Ver ANEXO II do Plan de Adaptación)
ACTIVIDADES EXTRAESCOL.	<ul style="list-style-type: none"> - Non se realizarán actividades extraescolares durante este curso 2020-21



INICIO DAS CLASES

- O inicio das clases farese de forma escalonada para informar das medidas adoptadas para a adaptación ao contexto da Covid19 nos centros de ensino non universitario

INICIO ESCALONADO DO PRIMEIRO DÍA DE CLASE	
23 SETEMBRO	<input type="checkbox"/> 1º ESO <input type="checkbox"/> 2º ESO <input type="checkbox"/> 1º Bacharelato <input type="checkbox"/> 1º Ciclo Formativo
24 SETEMBRO	<input type="checkbox"/> 3º ESO <input type="checkbox"/> 2º Bacharelato <input type="checkbox"/> 2º Ciclo Formativo
25 SETEMBRO	<input type="checkbox"/> 4º ESO

- O TITOR-A será o/a encargado/a de informar das novas normas de organización e funcionamento. Farase fincapé e tamén prácticas das normas de seguridade.
- Como o alumnado ten que adquirir novos hábitos que implican tanto cambios no xeito de acceder á porta de acceso ao instituto, como a ruta que debe seguir para chegar e saír da aula, é preciso organizar dun xeito especial os primeiros dous días de clase. Para evitar aglomeracións e confusións propias desa primeira xornada, flexibilizaremos os horarios para facer isto dun xeito consciente e sen agobios para todos. Ver **ANEXO II**



2. ACTUACIÓNS DE PREVENCIÓN, HIXIENE E PROTECCIÓN

PREVENCIÓN

- O centro educativo non é alleo á situación social e, polo tanto, establecendo un paralelismo coas normas xerais de prevención, os obxectivos serán os seguintes:
 - EVITAR AGLOMERACIÓNS
 - Escalonar as entradas e saídas do alumnado.
 - Diseñar as rutas que segue o alumnado para acceder á súa aula.
 - Recomendar que o alumnado utilice todas as zonas do patio e o Pavillón.
 - Regular o acceso aos aseos.
 - DISTANCIA SOCIAL
 - Distribuír as mesas de tal xeito que exista a maior separación posible entre o alumnado atendendo ao número de alumnos/as por aula e ao espazo dispoñible, e de non é posible colocar mamparas de separación nas mesas (Aulas de informática e Aulas de Bachelato)
 - Evitar situacións de contacto físico.
 - RESPONSABILIDADE INDIVIDUAL
 - O profesorado debe comprometerse a facer un autotest antes de acudir ao centro para evitar ir a traballar con sintomatoloxía compatible coa Covid.
 - As familias deben adquirir o compromiso firme de non enviar aos/ás seus/súas fillos/ as ao colexio se presentan algúns dos síntomas compatibles coa Covid; para iso deberán facer un TEST DE AUTOAVALIACIÓN da Covid19 diario no que comproben a temperatura, a presenza de tose seca, dificultade respiratoria, a perda de olfacto ou gusto, dor muscular, fatiga severa ou diarrea. O Test de Autoavaliación será entregado polo Titor-a do grupo
 - O alumnado deberá facer entrega dunha DECLARACIÓN RESPONSABLE de realizar o Test de Autoavaliación da Covid19 diariamente antes da entrada ao centro escolar. A Declaración Responsable deberáse entregar ao Titor-a nos primeiros días de clase.



HIXIENE

- Neste apartado resumimos as accións a levar a cabo para reforzar a hixiene xeral do centro e a adquisición de hábitos e rutinas de responsabilidade individual.

- HIXIENE XERAL DO CENTRO EDUCATIVO
 - Organizar as labores de limpeza e desinfección do centro.
 - Realizar desinfeccións dos cuartos de aseos (mín. 2 veces/xornada lectiva), así como pasamáns e outras zonas comúns. Ver ANEXO III Cadro de control de limpeza de aseos
 - Facer limpeza xeral e desinfección do centro pola tarde.
 - Establecer un control da ventilación axeitada das aulas.
 - Desinfección dos elementos de emprego común por parte do alumnado e do profesorado.

- HIXIENE PERSOAL
 - Facer varias limpeza e desinfección das mans, para o que haberá dispensadores de hidroxel, xabón e desinfectantes nas zonas marcadas no Plan de Adaptación COVID.
 - Adquirir hábitos como tusir ou esbirrar contra o cóbado, evitar tocar a cara, etc.
 - Aprender a utilizar correctamente as máscaras.

- RUTINAS DE RESPONSABILIDADE INDIVIDUAL
 - Os usuarios de espazos e elementos comúns deben adquirir a conciencia de que debe recaer sobre eles a desinfección previa ao uso. Para iso haberá elementos de limpeza e desinfección específicos ou ben panos desbotables e xel. Supón un exercicio de responsabilidade e civismo e non exime das labores do persoal de limpeza. Supón limpar antes e despois de cada uso.
 - Limpeza de elementos propios de traballo: cada profesor-a ou cada alumno-a ten uns elementos de emprego persoal, como son a mesa de traballo, bolígrafos, etc. É necesario interiorizar a limpeza deses elementos de xeito periódico
 - Facilitar a labor do persoal de limpeza: é traballo do alumnado e do profesorado ter as mesas ordenadas, armarios, deixar as cadeiras levantadas e non deixar cousas polo chan. Deste xeito, o persoal de limpeza pode optimizar o seu tempo de traballo



- ELEMENTOS DE LIMPEZA E HIXIENE A DISPOSICIÓN DA COMUNIDADE EDUCATIVA
 - Xel hidro alcólico en todas as aulas e espazos comúns
 - Xabón nos aseos nos dispensadores dos lavamás
 - Panos desbotables en tódalas aulas, aseos e espazos comúns
 - Solución desinfectante en tódalas aulas



PROTECCIÓN

- USO OBRIGATORIO DA MÁSCARA
 - Para todo o profesorado e persoal non docente
 - Para todo o alumnado
- UTILIZACIÓN DE PANTALLAS
 - Para a utilización de forma individual polo profesorado que así o requira
 - Para a utilización de forma individual polo alumnado con NEE que o precise, ou aquel que por prescripción facultativa non utilice máscara
 - Para a separación de alumnado cando a situación o requira por carecer da distancia mínima de seguridade de 1,5m. como nas mesas das aulas de Bacharelato onde se ubicará una pantalla de separación ou manpara no lado esquerdo da mesa, ou ben nas aulas de Informática ou aulas de obradoiros para separar as zonas de traballo individual do alumnado



ACCIÓNS FORMATIVAS PARA A MELLORA DA COMPETENCIA DIXITAL DO ALUMNADO NECESARIA PARA O DESENVOLVEMENTO

NA MODALIDADE DE ENSINO PRESENCIAL OU, DE SER O CASO, NON PRESENCIAL

No mes de marzo a interrupción das clases presenciais supuxo poñer en marcha en moi pouco tempo o emprego das ferramentas dixitais. Aínda que o resultado foi máis que aceptable, grazas ao esforzo de profesorado e familias, é necesario comezar o curso 2020/2021 cunha serie de accións que faciliten o emprego destes recursos, así como o uso da Aula Virtual.

Deste xeito, se fose necesario volver ao ensino a distancia ou semipresencial, o alumnado e o profesorado tería un maior grao de autonomía para continuar coa aprendizaxe e a docencia.

A formación básica que un alumno/a (ou familia) debe ter:

- Atención regular e emprego da información e contidos publicados na páxina web do centro
<http://www.iesxunqueira1.com/>
- Xestión da conta de correo electrónico propia do centro educativo e habituase ao seu uso.
@iesxunqueira1.com
- Xestión no uso de videochamada, recomendando a utilización da plataforma WEBEX.
<https://www.webex.com/es/index.html>
- Xestión e hábito de uso da Aula Virtual do centro
<http://www.edu.xunta.gal/centros/iesxunqueira1/aulavirtual/>



Do mesmo xeito, as familias deben coñecer e manexar as vías de información e comunicación existentes no centro, para información e titoría, que son as seguintes:

- Correo electrónico do centro educativo
ies.xunqueira.1@edu.xunta.es
- Teléfono do centro TLF: 886159721

As accións de formación serán levadas a cabo polo Titor-a de cada grupo en colaboración co profesorado TIC do centro.

Ao inicio do curso levarase a cabo esta formación para que o alumnado teña as ferramentas básicas e haxa unha coordinación nas tarefas e na comunicación vía telemática en caso de confinamentos parciais ou de confinamento total do centro e se deba de realizar a educación a distancia na casa.

ATENCIÓN AOS ASPECTOS EMOCIONAIS E SOCIAIS, MEDIANTE A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES EN GRUPO DE ACOLLIDA E COHESIÓN

Esta chamada “Nova Normalidade” produce un cambio de comportamentos na forma de relación social á que estabamos acostumados, esta realizade tamén debe chegar ao instituto, debemos de aprender a socializar e a comunicar sen mostrar a cara, suprimindo así parte da información ao non poder expresar emocións, sentimentos propios das idades de esta etapa educativa. Temos que suprimir o contacto físico, e limitar a linguaxe non verbal, tan necesaria na nosa sociedade.

Tanto opara o alumnado como para o profesorado esto supón un cambio enorme na interacción habitual e require dun tratamento específico nas aulas.



A nivel social é importante que traballemos o trato que reciben as persoas contaxiadas. Estar afectado polo virus non debe ser motivo de discriminación, senón de comprensión e empatía, debemos evitar o rexeitamento social, pois calquera de nós podemos pasar por esa situación aínda sen ter cometido actos imprudentes. Polo tanto, no deberemos de emitir prexuízos senon dar apoio a aquelas persoas que se vexan afectadas dun xeito ou de outro debido a situación actual de pandemia.

O mesmo temos que facer coas persoas que presenten síntomas compatibles, tomar precaucións non implica desprezo e rexeitamento, polo que debemos facer actividades de sensibilización neste eido.

Outro aspecto sobre o que debemos incidir no tratamento transversal do tema é a difusión de bulos relacionadas co virus. Temos que formar ao noso alumnado para que non caia en cadeas de transmisión de información que non estea fundamentada e contrastada, estamos nunha época na que se pode ferir a compañeiros-as facendo comentarios en torno ao seu estado de saúde que poden alterar a convivencia no centro.

A perda de liberdade do alumnado é máis que evidente, xa que son moitas as limitacións que se atopará no retorno ao centro. Será importante transmitir que se trata dunha situación transitoria e que ese esforzo vai en beneficio de todos-as, e como cidadáns-ás debemos cumprir con estas restricións cun único obxectivo: contribuir a frear o virus.

O alumnado necesita ser escoitado, polo que debemos deseñar accións que induzan a que se exprese, a que transmita emocións, opinións, incluso a que aporten solucións. Deste xeito podemos facelos partícipes de todas as medidas adoptadas para evitar contaxios.